

Expediente n.º 1632/2020.

Asunto: Instalación terrazas período COVID19.

Data: 18/05/2020

RESOLUCION DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.-

Dada a situación de emerxencia sanitaria provocada pola evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, declarada a pandemia internacional pola Organización Mundial da Saúde o pasado 11 de marzo de 2020, o Goberno de España, a medio do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarou o Estado de Alarma, amparándose no disposto no artigo 4º, apartados b) y d) da Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, en consonancia coas facultades atribuídas polo artigo 116.2 da Constitución.

Á vista de tal situación, polo Goberno español ditáronse diversas medidas, en tódolos ámbitos, imprescindibles para facer fronte á situación que estamos a vivir no noso país, tales como a suspensión da apertura ao público de locais e establecementos minoristas, museos, arquivos, bibliotecas, locais e establecementos nos que se desenvolven espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio ou actividades de hostalería e restauración.

No momento actual, España iniciou un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o citado Real Decreto 463/2020, de o 14 de marzo. Así, o pasado 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros adoptou o Plan para a transición cara a unha nova normalidade que establece os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade. Este proceso articulado en catro fases, fase 0 a fase 3, será gradual e adaptable aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

En data 9 de maio de 2020 foi aprobada a Orde SND/399/2020 pola que se flexibilizan determinadas restricións sociais e se determinan as condicións de desenvolvemento da actividade de comercio minorista e de prestación de servizos, así como das actividades de hostalería e restauración, nos territorios menos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

En concreto, no seu artigo 10 se determinan as medidas en materia de aforo para os establecementos e locais abertos ao público e no seu Capítulo IV as condicións para a reapertura ao público das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración. Así, en virtude do seu artigo 15 queda autorizada a reapertura ao público das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración **limitándose ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior en base á correspondente licenza municipal**, debendo en todo caso asegurarse que se mantén a debida distancia física de polo menos dous metros entre as mesas ou, no seu caso, agrupacións de mesas, e no caso de que o establecemento de hostalería e restauración obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada á terraza, poderanse incrementar o número de mesas previsto, respectando, en todo caso, a proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e levando a cabo un incremento proporcional do espazo peonil no mesmo tramo da vía pública no que se sitúe a terraza.

En clara mostra de apoio á reactivación da economía local a través da imprescindible aportación do sector da hostalería, mediante a ampliación de espazos destinados a terrazas



para garantir as distancias recomendadas e suplir a redución do aforo no interior dos locais, este goberno local está disposto a sacrificar outros intereses e conceptos sociais, xurídicos e orzamentarios, en aras da reactivación económica e de apoio ao sector comercial de Ribadeo, entendendo que este sacrificio será en todo caso provisional e durará o tempo que dure o estado de alarma e ata a estabilización da situación económica xeral. As resolucións adoptadas neste decreto haberán de entenderse, pois, como medidas excepcionais, promovidas coa intención de favorecer e impulsar a economía local, sen que caiba a consideración da obtención de dereitos adquiridos derivados delas.

A estes efectos, e co obxecto de facilitar o cumprimento da Orde Ministerial referida e axilizar e favorecer a recuperación económica no noso Concello, visto o disposto no artigo 21.1.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1.k) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, e demais disposicións concordantes de aplicación, o Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta, entre outras, a atribución de adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco de que estes se produzan, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ao Pleno da Corporación.

Esta Alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Acordar a suspensión excepcional e temporal da aplicación da Ordenanza Municipal T6 Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con elementos con finalidade lucrativa, no que atinxe a terrazas, aprobada e publicada no B.O.P. de Lugo Núm. 299 de 30/12/2015, mentres se manteña a situación actual e non se alcance a estabilización da situación económica xeral coa implantación da chamada nova normalidade, una vez superadas e consolidadas as distintas fases da desescalada, momento no que se terá coñecemento definitivo das posibilidades e límites de actuación sobre o dominio público con terrazas. Manterase porén en vixencia, coas debidas adaptacións á nova situación, o capítulo terceiro da ordenanza relativo a infraccións e sancións.

SEGUNDO: Autorizar, con carácter excepcional e temporal, a ocupación do dominio público coas terrazas vinculadas a establecementos de hostalería que contén coa correspondente autorización para o ano 2019, nas mesmas condicións que cando foran acordadas, exercéndose a actividade coas limitacións que en cada momento se establezan polas distintas Administracións Públicas en canto á porcentaxe de mesas autorizadas que se poidan instalar, ocupación e distancia física entre mesas ou agrupacións de mesas a respectar, así como suxeitándose en todo caso ao disposto neste decreto.

TERCEIRO: Autorizar, con carácter excepcional e temporal, a ocupación do dominio público con terrazas a establecementos de hostalería que contén coa correspondente licenza municipal de apertura, e que non tivesen solicitado ata a data esta ocupación, exercéndose a actividade coas limitacións que en cada momento se establezan polas distintas Administracións Públicas en canto á porcentaxe de mesas autorizadas que se poidan instalar, ocupación e distancia física entre mesas ou agrupacións de mesas a respectar, así como suxeitándose en todo caso ao disposto neste decreto.

CUARTO: A modificación ou ampliación das terrazas existentes, así como a instalación de terrazas por aqueles que non contasen con ela, requirirá previa solicitude e concesión da autorización de xeito expreso por parte do concello, tras comprobar que se cumpre con tódolos requisitos precisos. Para iso, apróbanse os modelos normalizados para a **solicitude**



de ampliación ou modificación da autorización de terrazas existentes, e para novas solicitudes para a ocupación temporal do dominio público con terraza vinculada a establecemento de hostalaría, así como a documentación necesaria para a súa tramitación e Anexos, que se farán públicos a través da páxina web do concello [www.ribadeo.gal/sedelectronica](http://www.ribadeo.gal/sedeelectronica), para a súa tramitación telemática a través da sede electrónica municipal.

QUINTO.- Acordar, previa solicitude das persoas interesadas, que o Concello de Ribadeo poderá outorgar permisos especiais con carácter excepcional e temporal en prazas de aparcamento público, para a modificación de espazos de cara a incrementar a superficie destinada á terraza dos establecementos de hostaleira do termo municipal, aumentando o número de mesas establecido no artigo 15.2 da Orde SND/399/2020 do 9 de maio, sempre e cando os espazos públicos ou privados de uso público cumpran as diferentes disposicións ditadas, ademais das normas técnicas recollidas na ordenanza fiscal T6 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con elementos con finalidade lucrativa, e aquelas outras recollidas nesta resolución.

SEXTO. As solicitudes relativas a este permiso especial en prazas de aparcadoiro resolveranse pola Alcaldía-Presidencia, previo informe do servizo técnico municipal competente sobre a viabilidade das ampliacións, tendo en conta que aparte das delimitacións para as demais modalidades de terrazas descritas anteriormente, debido ás súas peculiaridades, terán a maiores:

- a) Deberase delimitar o espazo con xardineiras de mínimo 90 cms de altura, cadradas e de material ríxido, nunca plásticos nin elementos polímeros, de cor branco ou negro agás as de madeira que serán tratadas en cor natural. Terán en todo momento vexetación debidamente coidada, que non impida a visibilidade e non entorpeza a circulación dos peóns nin vehículos. A vexetación non poderá sobrepasar o ancho da xardineira nin invadir o espazo publico fora do perímetro da terraza, e nunca poderá ter o conxunto una altura maior de 2 metros, incluíndo no cómputo a altura da vexetación e da propia xardineira.
- b) O espazo delimitarase con dobres cordas polos laterais agás polo fronte ao local, que non pode delimitarse nin pecharse.
- c) Non poderán existir nunca ningún elemento de cubrición e protección coma antucas, toldos, ou cubertas.
- d) Non se poderá dotar de enerxía eléctrica, máquinas expendedoras, barras de servizo ou biombos.
- e) So poden ter mobiliario coma bocois, cadeiras e mesas altas ou baixas seguindo as características descritas en anteriores artigos. Dentro do ámbito do Conxunto Histórico de Ribadeo ademais o material a empregar será madeira tratada e en cor natural.
- f) O ancho das mesmas non poderá ser maior que o fronte do local, e o fondo non poderá exceder nunca o fondo que ocupa cada praza de aparcamento existente.
- g) Serán reguladas polos técnicos do Concello que poderán redimensionalas ou anulalas en función de outros elementos urbanos, ou incompatibilidades por motivos de seguridade.
- h) O mobiliario será acorde co entorno, non podendo colocar nunca elementos ancorados ao chan, e todo mobiliario poderá ser retirado en calquera momento. Non se permiten obras na calzada para a instalación da terraza ou elementos que a forman.
- i) Deberase deixar un paso libre de dous metros mínimo na beirarrúa existente.



SETIMO.- A duración das autorizacións reguladas neste decreto, de carácter excepcional e temporal, manterase mentres estea en vixencia a suspensión da Ordenanza Fiscal T6, en función do establecido no dispositivo primeiro deste acordo

OCTAVO.- Tódalas autorizacións reguladas na presente resolución outorgáranse con carácter temporal, en precario, quedando condicionadas ao cumprimento das normas establecidas e ás ordes da autoridade competente, podendo esta, en calquera momento, ordenar o cese inmediato da ocupación e retirada de todos os elementos instalados cando resulte preciso por razón de saúde e/ou seguridade pública

NOVENO.- As persoas titulares das autorizacións reguladas na presente resolución serán responsables da actividade desenvolvida en virtude destas, e dos danos e prexuízos que puideran producirse, debendo, en todo caso, incorporar ao seguro de responsabilidade civil do establecemento hostaleiro as variacións ou novas ocupacións de dominio público que se deriven do presente decreto

DECIMO.-. Para o non previsto na presente resolución aplicáranse as disposicións de contido regulatorio das ordenanzas municipais, coas limitacións establecidas polo Goberno do Estado ou pola Autoridade Autonómica competente

UNDÉCIMO.- Ademais de tódalas condicións que se sinalen na presente resolución, en todo caso deberán cumprirse as establecidas nos artigos 15 e 16 do capítulo IV da Orde SND/399/2020, ou a que a substitúa, respecto a medidas de hixiene e/ou prevención na prestación do servizo en terrazas, e medidas de hixiene e/ou prevención para o persoal traballador.

DECIMO SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que ao efecto celebre.

Así o mandou e asina o Sr. Alcalde – Presidente, de que certifico en Ribadeo á data da sinatura electrónica.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUAREZ BARCIA

Ante mín: O Secretario,
Asdo. JOSE A. CARRO ASOREY

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

